

Entenderase que existe reincidencia, cando se cometa unha infracción análoga á que motiva a sanción anterior no prazo do ano seguinte ao da notificación desta. En tal suposto requirirase que a primeira resolución sancionadora tivera adquirido firmeza en vía administrativa.

#### **ARTIGO 19.- SANCIONES**

Pola comisión de infraccións poderán impoñerse as seguintes sancións:

- Por infracción leve: Multa de ata 300,00 euros.
- Por infracción grave: Multa de entre 300,00 euros e 900.00 euros.
- Por infracción moi grave: Multa de entre 900,00 euros e 1.500,00 euros.

Como sanción accesoria poderá acordarse a revogación da autorización para realizar a venda ambulante para o caso de infraccións graves e moi graves.

#### **ARTIGO 20.- GRADUACIÓN**

Para a graduación das infraccións e sancións aplicables terase en conta a transcendencia social da infracción, o comportamento do autor, a contía global da operación obxecto de infracción, a afección á saúde, salubridade e ornato público, a contía do beneficio obtido con ela, a natureza dos produtos vendidos, a categoría e a solvencia económica do comerciante.

#### **ARTIGO 21.- PRESCRICIÓN.**

As infraccións previstas nesta Ordenanza prescribirán se son leves aos dous meses, se son graves ao ano e as moi graves aos dous anos.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.**

Os agricultores e gandeiros que vendan directamente os seus propios produtos non necesitarán autorización municipal de venda ambulante aínda que si deberán respectar as normas de funcionamento do mercado.

#### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA.-**

As autorizacións en vigor na data de aplicación desta ordenanza, conservarán a súa vixencia durante os cinco anos seguintes contados desde a data de entrada en vigor desta ordenanza.

#### **DISPOSICIÓN FINAL.-**

A presente ordenanza entrará en vigor logo da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e teñan transcorridos os quince días a que fai referencia o artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Lourenzá, 19 de xullo do 2016.- A ALCALDESA-PRESIDENTA, Rocío López García.

R. 2276

## LUGO

### *Anuncio*

Por Decreto núm. 16005407 do día 7 de xullo aprobouse, entre outros o procedemento de licitación para a **AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE ATRACCIONES NO RECINTO FEIRAL DE SAN FROILÁN PARA OS ANOS 2016, 2017, 2018, 2019. (Expdte. Ref. 27-2016).**

Con data 20 de xullo de 2016 foi publicado anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia no que se establece como prazo de presentación de proposicións o de trinta días naturais contados dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Á vista do establecido no Decreto núm. 16005407 e comprobado que se trata dun erro na redacción do anuncio, procédese a publicar de novo o apartado 8 do mesmo, informando do prazo correcto que se amplia polo tanto **ata o día 22 de agosto de 2016.**

#### **“8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.**

**a) Data límite de presentación:** O prazo de presentación de proposicións será de **TRINTA días hábiles** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

**b) Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula sétima das Bases.

**c) Lugar de presentación:**

**1ª Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos nas Bases

**2ª Domicilio:** Ronda da Muralla, 197

**3ª Localidade e c.p.:** Lugo, 27002.”

Lugo, 21 de xullo de 2016.- A ALCALDESA, P.D. TENENTA-ALCALDE DA AREA ( Decreto nº 15005366) Ana Prieto Nieto

R. 2277

## PANTÓN

### *Anuncio*

**Por XGL do día 14 de xullo de 2016, prestouse aprobación os seguintes Padróns:**

correspondentes ó mes de xuño do ano 2016:

- Padrón polo prezo público de ximnasia de mantemento.
- Padrón pola taxa de prestación de axuda no fogar.

**Por XGL do día 21 de xullo de 2016, prestouse aprobación os seguintes Padróns, correspondentes ó terceiro bimestre do ano 2016:**

- Padrón da taxa por abastecemento de auga e I.V:E. sobre o seu consumo.
- Padrón da taxa por recollida do lixo.
- Padrón da taxa de alcantarillado.
- Canon de auga
- Padron da taxa de recollida do lixo rural, 1º semestre de 2016.

De acordo co artigo 14.2 c) do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende a presente publicación.

### **ANUNCIO DE COBRANZA**

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da lei Tributaria, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario para os Padróns citados, o comprendido entre os días 1 de agosto de 2016 e o 30 de setembro de 2016, ambos inclusive.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, para ditos Padróns o día 15 de setembro de 2016, data na que deberán ter saldo suficiente.

Para o cobro dos recibos de ximnasia e axuda no fogar os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas para o Padrón de ximnasia de mantemento, o comprendido entre os días 15 de xullo de 2016 e o 30 de agosto de 2016, e para o de axuda no fogar entre os días 15 de agosto e o 30 de setembro de 2016, ambos inclusive.

O resto dos contribuíntes deberán acudir ás Oficinas Municipais, onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar dito pago.

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario as débedas serán esixidas por vía de constrinximento e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, costas que se produzan.

A falta de pagamento en período voluntario do canon suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ó público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Pantón, a 21 de xullo de 2016.- O alcalde, JOSE LUIS ALVAREZ BLANCO

R. 2278